

Definición do termo **Sección Feminina (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -rama feminina da FET das Xons -organización destinada a integrar ás mulleres, desde a xuventude, no ideario do réxime -desenvolveu un modelo ideal de mulleres como esposas e nais, sometidas á tutela dos varóns
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -organización dirixida por Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador da Falanxe -desenvolveu os seus obxectivos mediante programas de Iniciación ao Fogar e Educación Física en escolas e campamentos de verán -funcionou durante corenta anos, e foi disolvida na transición Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -foi fundada en 1934 -controlou o Servizo Social da Muller, os traballos sociais que debían realizar obrigatoriamente todas as mulleres españolas -impulsou obradoiros e publicacións destinadas a facilitar o adoutramento feminino -desapareceu en 1977 Redacción: correcta e ben exposta.

Definición do termo **Nacional-catolicismo** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -Termo que o franquismo empregou para defender a total identificación Igrexa-Estado. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple

Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Significa que o franquismo defendeu a confesionalidade católica do Estado e a Igrexa lexitimaba a sublevación e o réxime franquista. -A vida política, social e cultural estaba sometida ás directrices da Igrexa católica. -As normas de conduta da Igrexa católica impuxéronse á sociedade. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Os símbolos da Igrexa católica fixéronse omnipresentes no réxime franquista. -A Igrexa controla a educación e crea organizacións laicas vinculadas a ela para inculcar á sociedade un catolicismo moi conservador. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión recomendada

Definición do termo **Contubernio de Múnic (ata 0,5 puntos)**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta básica: -participación de disidentes e opositores ó franquismo nun congreso europeísta organizado en Múnic. -tivo lugar durante a etapa final da ditadura, que o cualificou así de maneira sarcástica. -demandaba a instauración dun réxime democrático en España.
Notable (0,35-0,4)	Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -congreso celebrado en Múnic en 1962. -nel participaron políticos de diversas tendencias: monárquicos, demócratas, liberais, republicanos ou socialistas. -solicitaban o recoñecemento das liberdades individuais e políticas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -tivo lugar despois do intento fracasado de ingreso de España na CEE. -participaron un centenar de representantes españois. -implicou unha severa represión tras o seu regreso ó país. Redacción: correcta e ben exposta.

Definición do termo **Sindicato Vertical** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica -sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe -integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -a súa creación supuxo a desaparición dos sindicatos de clase -a súa composición explica que se coñecera como Sindicato Vertical -inspirouse nos réximes fascistas europeos Redacción: correcta.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -a súa afiliación era obrigatoria -oficialmente denominada Organización Sindical Española -creouse en 1940, pola Lei de Unidade Sindical -disolveuse na transición, durante o goberno de Adolfo Suárez Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non sobrepasa a extensión

Composición histórica: **O franquismo** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar o réxime franquista -Sinalar as características básicas do réxime e os seus principais apoios. -Comentar de xeito xenérico as principais leis orgánicas a través das cales se institucionaliza a ditadura. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalguna das seguintes cuestións): -Explicar en profundidade <u>cando menos dúas</u> das características ideolóxicas do franquismo. -Facer fincapé no papel xogado pola Igrexa como lexitimadora do réxime e un dos seus apoios esenciais (nacionalcatolicismo). -Afondar na contextualización e comentario da lei de Sucesión, lei de Referendo e/ou lei de principios do Movemento Nacional

	Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, a resposta emprega contido dos documentos para -Comentar a defensa da concentración de poderes na persoa de Franco (doc.1) -Xustificar o apoio da Igrexa ao réxime e ás súas institucións (doc.2) -Facer referencia aos principios inmutables da ditadura (doc.3) Redacción: correcta e texto coherente
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable, no comentario recóllense unha ou varias das seguintes cuestións) -Sinalar que as bases ideolóxicas do franquismo e os apoios ao mesmo están presentes xa na denominada España Nacional durante a guerra civil. -Comentar a evolución dos trazos fascistas ao longo da ditadura. -Facer referencia ao obxectivo das leis orgánicas franquistas de legalizar un réxime que carecía de legalidade democrática. -Relacionar a promulgación das diferentes leis fundamentais co contexto internacional e a propia evolución da sociedade española. -Explicar o concepto de democracia orgánica Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, analízase en profundidade algún dos documentos): -Salientar a exaltación de Franco como líder carismático e providencial (doc.1) -Comentar o anticomunismo da Igrexa española (doc.2) -Relacionar de xeito explícito os artigos do doc.3 cos trazos máis característicos do franquismo (nacionalcatolicismo, defensa da unidade da patria, antiparlamentarismo/Estado corporativo) Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado

Composición histórica: **As formas de oposición ao franquismo**
(ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0). A resposta é unha paráfrase dos documentos (1).
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica (2). Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Contextualizar a oposición ao franquismo na carencia de dereitos e liberdades logo do establecemento dun réxime ditatorial. -Sinalar os trazos esenciais das diferentes formas de expresión da oposición franquista seguindo unha orde cronolóxica: a actividade guerrilleira na inmediata posguerra, a protesta estudantil e obreira dos anos 50/60 e a organización de partidos políticos clandestinos nos anos 60/70. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións) -Incidir nos trazos da actividade guerrilleira e na súa represión. -Explicar as reivindicacións do movemento estudantil, sinalar a súa vinculación co socialismo e comunismo e mencionar a reacción do réxime respecto do mesmo. -Sinalar o papel dos obreiros na oposición ao réxime salientando a creación de CC.OO. -Referir o desenvolvemento da oposición política destacando o peso de comunistas e socialistas no mesmo. Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións): -Sinalar a composición do movemento guerrilleiro e a súa cronoloxía (doc. 1). -Incidir na organización do movemento estudantil e no papel das folgas como instrumento de protesta (doc.2). -Explicar os obxectivos políticos dos partidos presentes no Congreso de Múnic (doc.3).

	Redacción: correcta e texto coherente.
Sobresaliente (4,5-5)	Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións): -Afondar na actividade guerrilleira en Galicia (mención dalgún dos máis nomeados guerrilleiros p.ex. Foucellas, Piloto...)/explicar as causas do fin do movemento guerrilleiro. -Afondar nos mecanismos de represión do movemento estudantil/mencionar algún exemplo significativo (p.ex. caso Ruano, sanción de Tierno Galván...). -Explicar as circunstancias que fixeron posible a presenza española no IV Congreso do Movemento Europeo. -Referir o incremento das forzas de oposición ao réxime no tardofranquismo (proliferación de grupos terroristas, oposición desde o exterior, xurdimento de oposición nos piares do réxime: Igrexa, exército, partido único). Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos): -Comentar a evolución do movemento guerrilleiro desde a desorganización inicial ata a formación de federacións (doc.1) -Afondar nos instrumentos de represión dos movementos sociais (Tribunais de Orde Público e Consellos de Guerra) (doc. 2) -Relacionar de xeito explícito os acordos de Múnic que figuran no documento 3 coa situación política propia dos anos 60. Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.

